



ACORDO DA MESA DE NEGOCIACIÓN DA ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA SUBSCRITO O 5 DE MARZO DE 2014

En Santiago de Compostela, o 5 de marzo de 2014, a representación da Administración do Parlamento de Galicia, as representacións das Organizacións Sindicais Unión Xeral de Traballadores (UXT), Comisións Obreiras (CC.OO.), Confederación Intersindical Galega (CIG), e a representación da Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia, tras o proceso de negociación levado a termo, de acordo co previsto no Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, conveñen en subscribir este Acordo da Mesa de Negociación da Administración do Parlamento de Galicia.

PRIMEIRO.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

Este acordo seralles aplicable aos funcionarios públicos do Parlamento de Galicia, nos termos e co alcance que se determina nel.

SEGUNDO.- CONTIDO

I.- MODIFICACIÓN DAS VIXENTES NORMAS REGULADORAS DA XORNADA LABORAL SEMANAL E DO HORARIO DO PERSOAL E DE FUNCIONAMENTO DA ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA E DEMAIS ASPECTOS RELACIONADOS DO HORARIO DO PERSOAL

- Modifícanse as Normas Reguladoras da Xornada Semanal e do Horario do Persoal, co fin de plasmar no seu contido o seguinte:

-O horario xeral de funcionamento da Administración Parlamentaria será o comprendido entre as 8:00 horas e as 20:00 horas. O horario do Rexistro será o actualmetne existente.

-O horario xeral diario nos meses de febreiro a xuño e de setembro a decembro, con carácter xeral, distribuirase do seguinte xeito:

a) Polas mañás, entre as 8:00h e as 15:00h, sendo de obrigado cumprimento a franxa comprendida entre as 9:30h e as 14:30h.

b) Polas tardes, ata completar o seu respectivo horario particular, o persoal prestará a súa actividade laboral entre as 15:00h e as 20:00h.

-Os horarios particulares, tanto durante as mañás, como durante as tardes, adaptaranse en cada unidade e en todo momento, ás necesidades do servizo existentes, manténdose as actuais obrigas, recollidas nas vixentes normas, de prestación de servizos para garantir a actividade da Cámara, eliminándose das vixentes Normas reguladoras da xornada e do horario do persoal a necesidade de traballar como mínimo dúas tardes á semana.

-O persoal disporá diariamente de 10 minutos para efectuar as fichaxes de entrada e saída. Este tempo computarase como de traballo efectivo.

-Os servizos extraordinarios realizados fóra do horario xeral de funcionamento, é dicir, o comprendido de luns a venres, desde as 20:00h ata as 8:00h, e sábados, domingos e festivos, dará dereito á correspondente compensación horaria ou económica, a elección do traballador.

-Horario especial do Parque Móbil:

Este persoal, en atención á súa dispoñibilidade e especial dedicación, en base á cal están configurados os seus complementos específicos, gozará dun réxime de horario flexible, coas compensación horarias ou económicas, á súa elección, que se determinen respecto dos excesos horarios semanais de traballo efectivo que puidesen producirse, conforme se detalla a continuación.

Para os efectos de determinación do horario especial do persoal do parque móbil, cómpre distinguir entre tempo de traballo efectivo e tempo de presenza, considerando como tempo de traballo efectivo aquel no que o persoal condutor realice funcións propias da condución de vehículos, outros traballos durante o tempo de circulación dos mesmos ou traballos auxiliares en relación con vehículos, os seus pasaxeiros ou a súa carga, computándose a estes efectos os tempos utilizados na ida e na volta para a realización dos servizos. Considerarase tempo de presenza aquel no que o persoal condutor se atope dispoñible sen prestar traballo efectivo, por razóns de espera, expectativas, servizos de garda, viaxes sen servizo, avarías, comidas en ruta ou outras similares. Ao tempo de traballo efectivo seralle aplicable a duración máxima da xornada ordinaria de traballo semanal e as compensacións horarias ou económicas establecidas.

A realización, de luns a venres, dun traballo efectivo superior a 37,5 horas en cómputo semanal, dará dereito á compensación horaria ou económica establecida, a elección do traballador. O tempo de presenza, de luns a venres, non compuntará aos efectos de compensación horaria ou económica, toda vez que esa especial dedicación se está retribuindo a través do complemento específico.

Non obstante, o tempo de presenza e de traballo efectivo realizado durante os sábados, domingos ou festivos terá un tratamento especial, e dará dereito á compensación horaria ou económica establecida, a elección do traballador.

Mantense o actual límite de 160 horas anuais en concepto de servizos extraordinarios a compensar de xeito económico.

- O actual réxime de compensación horaria en sábados, domingos e festivos, verase modificado para todo o persoal, de xeito que, no suposto de ter unha prolongación igual ou superior a tres horas de traballo, non se terá dereito a librar un día de xornada completa. A proporción neses días será por unha hora de traballo, dúas horas de compensación horaria.



- A petición das Organizacións Sindicais e da Xunta de Persoal, a Administración Parlamentaria comprométese a estudar se existe ou non a posibilidade de que, nun futuro, o persoal poida traballar só unha tarde á semana con carácter xeral.
- A petición das Organizacións Sindicais e da Xunta de Persoal a Administración Parlamentaria comprométese a efectuar unha avaliación do novo réxime horario do persoal do Parque Móbil e trasladarlllo á Mesa de Negociación no mes de xuño deste ano.

II.- APROBACIÓN DUNHAS NORMAS REGULADORAS DA UNIFORMIDADE DE DETERMINADO PERSOAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

O texto acordado é o que consta no anexo I deste acordo.

III.- PRESTACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL. PARTICULAR REFERENCIA AO SEGURO DE VIDA

Mantéñense as axudas de carácter social, agás as relativas aos estudos do traballador e adquisición de vivenda, que ao non terse rexistrado solicitudes últimamente, quedan suprimidas. Esta supresión surtirá efectos a partir do acordo de Mesa polo que se aprobe o presente acordo da Mesa de Negociación, e non afectará ás axudas de vivenda xa concedidas.

Este ano realizaranse as aportacións ao plan de pensións, polos importes que houbera correspondido efectuar no ano 2012.

O seguro de vida para o persoal manterase só por un ano máis, nas mesmas condicións que o último que foi concertado. A partir do día 28 de febreiro de 2015 a Administración Parlamentaria non subscribirá ningún seguro de vida para o seu persoal.

IV.- PLAN DE FORMACIÓN 2014

A Administración Parlamentaria intentará consensuar coa Xunta de Persoal as actividades formativas para o ano 2014. Así mesmo a Administración Parlamentaria solicitaralle á EGAP a posibilidade de que o persoal do Parlamento de Galicia poida participar nas actividades formativas destinadas ao persoal da Xunta de Galicia, e reclamará que as cotas de formación do persoal da Administración Parlamentaria revirtan na formación destes.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2014



En representación da Administración do Parlamento de Galicia	En representación do persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia
<p>José Manuel Balseiro Orol</p> <p>Secretario da Mesa do Parlamento</p>	<p>Antonio Pais Andrade</p> <p>En representación da Unión Xeral de Traballadores</p>
<p>Concepción Burgo López</p> <p>Vicesecretaria da Mesa do Parlamento</p>	<p>José Manuel Loureiro Taibo</p> <p>En representación da Unión Xeral de Traballadores</p>
<p>Xosé Antón Sarmiento Méndez</p> <p>Letrado Oficial Maior do Parlamento de Galicia</p>	<p>Pablo Cutrin Garabal</p> <p>En representación de Comisións Obreiras</p>
<p>José María Ameijenda Cuns</p> <p>Dirección da Intervención Xeral e Asuntos Económicos</p>	<p>Cristina Terrón Pérez</p> <p>En representación da Confederación Intersindical Galega</p>
<p>María Aneiros González</p> <p>Letrada do Parlamento de Galicia</p>	<p>Roberto Varela Gestal</p> <p>En representación da Confederación Intersindical Galega</p>
	<p>Isabel Expósito González</p>
	<p>Xunta de Persoal</p> <p>María Teresa Iglesias Calvo</p>
	<p>Vogal da Xunta de Persoal</p>
	<p>Manuel Fernández Andrade</p>
	<p>Xunta de Persoal</p> <p>Antonio Blanco Piñeiro</p>
	<p>Xunta de Persoal</p> <p>José Ramón de la Fuente Rodríguez</p>
	<p>Xunta de Persoal</p>